

MERCADO DO MAR 2018

BASES PARTICIPACIÓN EXPOSITORES



DATAS E HORARIOS:

- **Sábado 22 de setembro, de 12 h. a 21 h.**
- **Domingo 23 de setembro, de 11 h. a 20 h.**

LUGAR: Explanada do Parrote (zona portuaria da Marina) na cidade da Coruña.

O Mercado do Mar é un evento inserido dentro do Festival Mar de Mares (www.festivalmardemares.org) onde expoñer, difundir e vender produtos e servizos que o tecido produtivo galego ten arredor do mundo do mar coas premisas de calidade e sostibilidade. Tamén terán cabida as empresas e entidades cuxa actividade (artesanías, saúde, turismo, etc.) teña relación directa coa sostibilidade, e as boas prácticas ligadas ao mar.

En paralelo programaranse actividades para todas as idades e públicos: charlas, obradoiros, degustacións e música en directo.

EQUIPAMENTO APORTADO POLA ORGANIZACIÓN

Carpa de 3x3 m.

Mesa-mostrador.

1 cadeira.

Iluminación.

Toma de corrente eléctrica.

Rotulación.

Colectores para o lixo.

Servizo de seguridade 24 h.

PREZO (as 2 xornadas): **100 eur + 21% IVE**

O mobiliario adicional que se precise terase que alugar segundo os prezos indicados (ver características e prezos ao final deste documento).

De ser aceptada a solicitude por parte da Organización, esta poñerase en contacto coa entidade para aportar os datos necesarios do pago da inscrición.

Na adxudicación terase en conta a orde de chegada da solicitude e a tipoloxía da oferta presentada. A realización da solicitude non implica a aceptación da mesma, quedando baixo o criterio da Organización unha vez valorada a súa adecuación ao evento.

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Para inscribirse deberase enviar a solicitude de participación ao correo-e info@creartesc.es aportando os seguintes datos:

Nome da entidade solicitante

Enderezo

CIF/NIF

Web

PERSOA DE CONTACTO

Nome e apelidos

Teléfono

Correo-e

No caso de ofrecerse algunha actividade extra (degustación/obradoiro/etc), especificar características, nº de persoas beneficiarias, franxa de idade e duración (poderá formar parte do programa de actividades do Mercado)

Para incentivar o consumo e a difusión de marca, estaría disposto/a a aportar gratuitamente algún produto destinado a ser sorteado publicamente (especificar)?

De ser o caso, detallar que tipo infraestrutura empregaría no stand (tipo de cociña, forno, nevera, acuario, tv, etc.) indicando a potencia eléctrica necesaria.

HIXIENE E SOSTIBILIDADE

Estamos firmemente convencidos de que temos que dar pasos exemplares no coidado do noso planeta, e en especial dos nosos mares. Avogamos por un uso intelixente do plástico evitando o de un só uso. Por isto non se permitirá o uso deste material en palliñas, vaixela, botellas, bolsas, etc., podendo empregarse no seu lugar utensilios biodegradables compostables. As solicitantes deberán detallar as características do material que teñan previsto empregar na súa actividade.

Cada participante deberá manter limpo o seu posto e a contorna do mesmo durante o evento.

Os residuos xerados durante a actividade deberán depositarse, correctamente procesados, nos colectores proporcionados pola Organización.


Non se permitirá a instalación de equipos de son nos postos.

SEGURIDADE

Aínda que a Organización aporta un servizo de vixilancia 24 h., cada entidade é responsable dos seus artigos. A Organización non se responsabiliza de roubos, perdas ou danos durante a celebración do evento.

Se por causa de forza maior se aprazase ou suspendese a celebración do evento, as entidades participantes comprométense a non exixir compensación polos posibles danos ou prexuízos.

A participación no Mercado do Mar implica a aceptación destas bases.



Superficie: 122x58 cms.
melamina branca con canto de madeira maciza de 3,8 cms.

Alturas: de 60, 80 e 100 cms.

Patas cilíndricas de madeira pintadas en color metalizado. (diámetro: 7 cms)

Unidade: **19 eur** + 21% IVE



Madeira melaminada en branco (sin traseira) de 170 (alto) x 120 (ancho) x 30 cms (fondo).

Con 8 ocos de aproximadamente 40 cms. de alto x 57 cms. de ancho.

Unidade: **44 eur** + 21% IVE

vitricas de cristal:



Son iguais que as mesas, pero dispoñen de guías de aceiro inoxidable, sobre as que se encaixa a vitrina de cristal, sin un dos frontais para permitir o acceso.

Medidas exteriores do cristal: 118x56x15 cms.

Alturas posibles (consultar disponibilidad): 60, 80 e 100 cms.

Unidade: **48 eur** + 21% IVE